

Tina Meroto  
Maurizio A. C. Quarello



# A bruxa regañadentes

OQO EDIT

Había unha vez  
tres irmáns que pasaban o día  
brincando dun lado para outro.

Súa nai dicíalles sempre:

– **Non vaiades ao bosque!**

**Alá no medio vive unha bruxa**

**con dentes de ferro,**

**que come os nenos;**

**e, cos ósos,**

**fai o valado que rodea a súa casa.**







Un día, o irmán grande dixo:

– **Imos ao bosque!**

**Eu non lle teño medo ás bruxas!**

– **Eu tampouco!** -dixo o mediano.

Pero o pequeno, asustado, avisou:


– **Mamá dixo que non fósemos...**

– **Non sexas cagainas**

-burlouse o irmán grande.

E alá marcharon os tres.





Andando andando,  
foron adentrándose naquel bosque  
enorme, escuro, estraño.

O vento asubiaba entre as pólas  
e as sombras facíanse cada vez máis longas.  
Os tres empezaron a sentir medo,  
pero ningún sabía como volver a casa.

Entón o pequeno dixo:

– **Subirei a unha árbore,  
a ver se podo descubrir o camiño.**








Desde o alto da árbore,  
viu a luz dunha casa, ao lonxe.

Baixou á présa  
e díxolle a seus irmáns:

– **Esa debe de ser a casa da bruxa.**

– **Que vai ser! -dixo o irmán grande-.**  
**Aínda falta moito**  
**para chegar ao medio do bosque.**  
**Vamos!**



Cando se achegaron á casa,  
unha muller asomou pola porta:  
– **Vinde, vinde, meus pobres!**  
**Non teñades medo...**

O cheiriño da comida  
abriulles o apetito.  
– **Eu vou entrar** -dixo o irmán grande.  
– **Eu tamén** -dixo o mediano.

Os dous maiores avanzaron, confiados;  
pero ao pequeno  
aquela casa tíñalle malas trazas.







- **Que ben cheira!**  
–exclamou o mediano.
- **Pasaredes aquí a noite** -dixo a vella-.  
**Mañá levareivos a casa.**

O pequeno, mentres tanto, achegouse a unha gaiola que estaba enriba dun arcón:

– **Para que é isto?**

A vella, disimulando, contestou:

– **Para encerrar cans extraviados,  
gatos abandonados...**

*E, talvez, nenos perdidos, pensou o pequeno.*



Cando acabaron de cear,  
deitáronse os tres nun cuarto.

O grande axiña quedou durmido.  
O mediano tardou un pouco.  
O pequeno daba voltas e voltas,  
pero non podía pegar ollo.

Entón viu a lúa  
que iluminaba o bosque, a horta...  
e o valado de ósos!  
Ósos de pernas,  
ósos de brazos,  
ósos de nenos pequenos.

De pronto oíu que alguén se achegaba.  
Era a bruxa!







O pequeno meteuse na cama e tapouse.

A bruxa entrou amodo  
e preguntou en voz baixa:

– **Hai alguén esperto?**

Non se atreveu a dicir nin pío,  
pero a bruxa achegábase cada vez máis;  
e, cando xa estiraba a man para retirar as sabas,  
o pequeno asomou o nariz:

– **Eu estou esperto!**




- **E como non durmes?**
- **É que... antes de deitarme,  
mamá sempre me dá un ovo frito.**

A vella, arrastrando os pés,  
saíu fungando:

- **Un ovo frito!**  
**Traereiche, ademais,**  
**un anaco de pan para facer unhas sopas...**





O pequeno comeu o ovo e deitouse;  
pero... imposible durmir!

Ao pouco, a bruxa volveu preguntar:

– Hai alguén esperto?

– Eu...

É que, polas noites,  
mamá tamén me dá figos pasos.

E a vella, rosmando,  
foi buscar os figos.





O pequeno tremía co medo.  
E outra vez apareceu a bruxa:


– Hai alguén esperto?

– Eu...

– Pero que demo che pasa agora?

– É que miña nai sempre me trae...  
auga do pozo nunha peneira.  
E, despois de beber, durmo axiña.

A vella, botando pestes,  
deu media volta...



Cando se dobrou a coller a peneira,  
caulle unha pastilla de xabón:


– **Os meus obxectos máxicos!**

-exclamou-.

**Será mellor que os garde.**

Deixou o xabón,  
un peite  
e un coitelo;  
e foi buscar auga.





En canto o pequeno oíu a vella saír,  
gritoulle a seus irmáns:

– **Espertade! Esta é a casa da bruxa!**

Os irmáns abriron os ollos, sobresaltados.


Pero antes de saír correndo, o pequeno dixo:

– **A bruxa deixou  
uns obxectos máxicos na cociña.  
Vounos buscar!**









A vella seguía no pozo,  
tentando encher a peneira.


Cando viu os rapaces  
fuxindo á luz da lúa,  
botou a correr detrás deles,  
regañando os dentes.




A bruxa achegábase cada vez máis  
aos irmáns.

Entón o pequeno dixo:

– **Tirareille o xabón!**  
**A ver se o pisa**  
**e cae escarranchada!**



A close-up painting of white soap suds. The suds are rendered with soft, textured brushstrokes, showing various shades of white and light pink. Some bubbles are more defined, showing their spherical shape and the way light reflects off them. The overall composition is a dense, organic mass of foam.

O xabón caeu  
xusto diante da bruxa...  
e converteuse nunha montaña de espuma.


Á bruxa picábanlle os ollos;  
e, cuspiendo burbullas, gritou:

**– Veredes cando vos pille...!**




A bruxa volvía achegarse rapidamente.  
Entón o pequeno lanzou o peite:

**– Que se lle espete na cabeza!**










O peite cravouse no chan...  
e converteuse nunha tupida ringleira de árbores.

A bruxa abriuse camiño  
serrando as árbores cos seus dentes de ferro,  
e gritando:

**– Veredes cando vos pille...!**

A dark, atmospheric landscape painting. The scene is dominated by deep blues, purples, and greys, suggesting a twilight or night setting. A narrow, light-colored path or road winds through the landscape, starting from the left and leading towards the right. The terrain consists of rolling hills and valleys, with some areas appearing more illuminated than others. In the upper right, there's a small, colorful structure, possibly a house or a shrine, with red and green elements. The overall mood is mysterious and somber.

Cando xa a bruxa estaba a punto de atrapalos,  
o pequeno lanzou o que lle quedaba:  
o coitelo.

– **Quen me dera**  
**que lle cortase un pé!** -dixo.





O coitelo foi caer xusto diante da bruxa...  
e abriu unha fenda longa e profunda,  
imposible de saltar.

Os nenos non pararon de correr  
até que saíron do bosque.

E a bruxa, coa cabeza gacha e arrastrando os pés,  
foise a casa,  
e alí quedou para sempre.



Fig 1